

## ACTA DE DITAME DO XURADO DO XIX PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS, V PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL E VIII PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES

---

LUGAR: sala de xuntas da AGADIC (rúa da Vesada s/n, Santiago)

DATA: 11 de outubro de 2010

HORA DE COMEZO: 10.30 h

HORA DE REMATE: 13.30 h

- Seguindo as bases da convocatoria do XIX premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, V Manuel María de literatura dramática infantil e VIII Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (DOG nº 49, do 12 de marzo de 2010), o xurado, constituído polos membros que se relacionan de seguido, reúne para fallar os premios na súa edición 2010.

XURADO:

- **Dolores Vilavedra Fernández**, presidenta.
- **Ánxeles Cunha Bóveda** vogal.
- **Roberto Leal Jiménez**, vogal.
- **Eduardo Rodríguez Cunha**, vogal.
- **Ricardo Solveira Díaz**, vogal.
- **María de los Ángeles Alfaya Bernárdez**, vogal.

Actúa como secretaria, **Marcelina Calvo Domínguez**.

- Recórdase aos asistentes que as análises e debates se centrarán naqueles textos seleccionados na reunión dos membros do xurado mantida o 1 de outubro, de 11.30 a 13.30 h, na sala de xuntas da Agadic, da que saíron elixidos os textos finalistas de cada un dos premios. Nesa reunión fíxose constar a exclusión do proceso da obra titulada *Peixes /Lema: Oficinas e peceiras* (nº rexistro 1319) por resultar obra premiada no certame Fray Luis de León para textos teatrais. Segundo a base terceira das bases da convocatoria, esta circunstancia, comunicada polos autores o 15 de setembro de 2010, implica a súa retirada.



- Faise contar, así mesmo, que dous dos textos presentados ao premio Manuel María de literatura dramática infantil son retirados do proceso: *Rock m´micro. O rockumental para toda a familia* (nº de rexistro 1635) e *Neggy coñece a Sammy* (nº rexistro 1730). Ambos textos incumpren aspectos da base terceira da convocatoria dos premios. *Rock m´micro...*, por ser obra representada, extremo que se deduce do material presentado, e no caso de *Neggy coñece a Sammy*, por non tratarse de texto teatral.

- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade adultos**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar por maioría o **VIII premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para adultos**, á obra presentada baixo o lema **Samarúa** (nº de rexistro: 1835).

Aberta a plica, resultou ser da autoría de **Xosé A. Neira Cruz**, e titulado **Pedra sobre pedra**.

Na mesma plica, como era de obriga segundo a base cuarta da convocatoria, inclúese unha declaración do autor de que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.

Entre os méritos subliñados polo xurado cómpre citar a versatilidade estrutural, que fai que o texto poida resultar acaído para montaxes tanto de pequeno coma de gran formato, sen perder por iso a súa identidade como espectáculo; a capacidade para demostrar que un motivo artístico tradicional, como é o do Pórtico da Gloria, pode ser susceptible de tratamentos novos; finalmente, o suxestivo que o texto resulta non só no nivel literario senón tamén no escenográfico ou mesmo técnico.

- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade para rapaces**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar por maioría o **VIII premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces**, á obra presentada baixo o título **Fábula galénica** (nº de rexistro: 1910).

Aberta a plica, resultou ser da autoría de **Ignacio Vilariño Sanmartín**.

Na mesma plica, como era de obriga segundo a base cuarta da convocatoria, inclúese unha declaración do autor de que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.

O xurado salientou de xeito especial o feito de que a acción dramática se desenvolva nunha estrutura marco orixinal, que permite múltiples posibilidades á hora de concretarse escenicamente. Tamén que a obra transcorra nunha variedade de espazos que se relacionan de xeito dinámico, así como a sinxeleza dunha historia que, sen embargo, mobiliza unha ampla variedade de personaxes que, malia estaren maiormente inspirados no mundo das fábulas tradicionais, resultan ben actuais. Finalmente, tamén a frescura e axilidade dos diálogos.



- Valorados os textos presentados ao premio **MANUEL MARÍA** e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar por maioría o **V premio Manuel María de literatura dramática infantil** ao texto presentado baixo o título ***O reloxos preguiceiros de Néboa / Lema: O tempo misterioso de Cuco Campá*** (nº de rexistro 1672).

Aberta a plica, a obra resultou ser da autoría de **Francisco Xavier Lama López**.

Na mesma plica, como era de obriga segundo a base cuarta da convocatoria, inclúese unha declaración do autor de que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.

O xurado quixo recoñecer, ao premiar esta obra, a orixinalidade do tema, a fantasía na concepción dos personaxes, o alto grao de elaboración literaria do texto e a singularidade ontolóxica do mundo creado, así como o humor con que se desenvolven acción e diálogos.

- Valorados os textos presentados ao premio **ÁLVARO CUNQUEIRO**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **XIX premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais** ao texto presentado baixo o título ***Chegamos despois a unha terra gris*** (nº de rexistro: 1828).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Raúl Dans Mayor**.

Na mesma plica, como era de obrigación segundo a base cuarta, inclúese unha declaración do autor de que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.

Para o xurado, os elementos máis chamativos desta obra son o tratamento non oportunista dun tema de actualidade, contextualizado nun conflito de máis amplo alento como é o da identidade; as personaxes femininas, moi ben deseñadas e que protagonizan de xeito absoluto a peza, creando una singular xenealoxía de mulleres de todas as idades; o texto, dunha sobriedade moi eficaz e artellado nuns diálogos plenamente convincentes; finalmente, a orixinalidade da construción da peza e a importancia que nela ten a memoria como eixe de identidade dos individuos.

- Rematado o proceso, levántase a sesión ás 13.30 horas.

E para que así conste, asinan esta acta en Santiago de Compostela a 11 de outubro de 2010 a presidenta e a secretaria do xurado.

Dolores Vilavedra Fernández  
Presidenta

Marcelina Calvo Domínguez  
Secretaria



### **XIX Álvaro Cunqueiro**

| Nº REXISTRO | TÍTULO/LEMA                                                     |
|-------------|-----------------------------------------------------------------|
| 486         | Lema: Do grallar das gaivotas                                   |
| 944         | Todo baixo control                                              |
| 1105        | A batalla final                                                 |
| 1106        | Nus                                                             |
| 1107        | Irimia, as portas do Alén                                       |
| 1319        | Peixes / Lema: Oficinas e peceiras                              |
| 1385        | A catequista / Lema: Un barquiño que navega                     |
| 1439        | Lema: Os deuses da aventura. A invención da sombra              |
| 1440        | Os elos da gramalleira                                          |
| 1579        | Langley                                                         |
| 1628        | A noria: traxicomedia peripatética                              |
| 1670        | Alma street / Lema: Manu negro                                  |
| 1671        | O penalti de Djukic                                             |
| 1679        | A procesión                                                     |
| 1705        | Tromparia                                                       |
| 1715        | Os namorados do Castelo da Lúa                                  |
| 1731        | Lema: Tango en oito pasos                                       |
| 1732        | Monoteístas                                                     |
| 1752        | Xanela verde maio / Lema: Aurora Liste                          |
| 1778        | Os días perdidos / Catarina O'Neill                             |
| 1800        | "XY" Postais dunha seducción                                    |
| 1824        | O paraíso laranxa / Pseudónimo: Lúa Gaveta                      |
| 1825        | Toda unha vida                                                  |
| 1826        | Destrución mutua asegurada                                      |
| 1827        | O cuco / Lema: Bonnie and Clyde                                 |
| 1828        | Chegamos despois a unha terra gris                              |
| 1830        | Esta morte é un inferno / Lema: Unha comedia de arriba a abaixo |
| 1849        | Pares ou nones                                                  |
| 1850        | Un cadáver no salón                                             |
| 1852        | Entre a vida e a morte                                          |
| 1853        | Isóbaras / Lema: Espectador                                     |

### **V Manuel María**

| Nº REXISTRO | TÍTULO/LEMA                                                               |
|-------------|---------------------------------------------------------------------------|
| 498         | A princesa e o labrego. Unha historia de sempre                           |
| 1630        | Meniña do sol                                                             |
| 1635        | Rock m' micro. O Rockumental para toda a familia                          |
| 1672        | Os reloxos preguiceiros de Néboa / Lema: O Tempo misterioso de Cuco Campá |
| 1678        | Ilda e Cloe / Lema: Arealba                                               |
| 1730        | Neggy coñece a Sammy                                                      |
| 1797        | Os Reis Magos non lles gustan os caramelos de menta                       |
| 1801        | Eliú                                                                      |
| 1829        | Enredos de tendal                                                         |
| 1851        | Ai Xesús, que susto!                                                      |

### **VIII Barriga Verde modalidade infantil**

| Nº REXISTRO | TÍTULO/LEMA                                                           |
|-------------|-----------------------------------------------------------------------|
| 497         | A carrapuchiña pasa da carrapucha vermella. Como che cambiou o conto! |
| 1560        | Tina, e a cantiga esquecida                                           |
| 1791        | Colorete / Lema: Liliana                                              |
| 1799        | O oso Coqui                                                           |
| 1848        | Filomena e a última semente                                           |
| 1910        | Fábula Galénica                                                       |
| 1915        | Presentado fóra de prazo                                              |

### **VIII Barriga Verde modalidade adultos**

| Nº REXISTRO | TÍTULO/LEMA                            |
|-------------|----------------------------------------|
| 416         | Candea branca / Lema: Páfate           |
| 1580        | A derradeira vendima de Sítio Couceiro |
| 1835        | Lema: Samarúa                          |